

LECTORES EXPERTOS




AXENTE X.99 Ed. Kalandraka

Axente X.99 é como se coñece o gardián dun asteroide que, xunto coa cabra Renata, viaxa polo espazo desempeñando distintas misións.




COMO SER UN GENIO CON MATILDA Santillana

Matilda Wormwood é un xenio. O seu cerebro está cheo de ideas xeniais. Prepárate para sorprender a todos!



AS MÚSICAS VIAXEIRAS Ed. Xerais

En tempos remotos, as princesas vivían pechadas en torres mentres agardaban a chegada de príncipes con sangue azul. As pandeireteiras, pola contra, tiñan que buscar a vida polos camiños...



A AVOA GÁNSTER Sushi books

Para Ben, os venres son o peor día da semana. Mentres os seus pais ven Bailando coas Estrelas, el ten que pasar a noite coa súa vellísima avoa. Pero un día descobre que a súa avoa agocha un tesouro.

ENGLISH READERS



THE VERY HUNGRY CATERPILLAR

A very hungry caterpillar ate and ate all the time. One day, something started to change...



THE LION INSIDE


You don't have to be big and brave to find your roar. Being small isn't always easy either... But when a mouse goes on a journey to find his roar, he discovers that even the smallest creature can have the heart of a lion.

BIBLIOTECA CREATIVA



DAZA RECOMENDA...


LECTURAS AO SOL



Bibliotecas escolares de Galicia



PRELECTORES



A BRUXA DIVERTIDA Ed. Kalandraka

Esta bruxa divertida chámase Rosalía, xoga de noite e dorme de día. Vive nun castelo encantado e viaxa polo mundo na súa vasoira voadora facendo e desfacendo feitiços e encantamentos.



GAIVOTA GOURMET Ed. xerais

Á gaivota Mori encántalle comer sempre no mesmo restaurante: o patio do cole! Un conto de humor sobre como nos alimentamos.



UN GRAN DÍA DE PESCA Ed. Kalandraka


Roque ten a insólita idea de ir de pesca. E é unha idea estrañísima porque nin sequera ten cana. Así que para cumprir o seu desexo botará man de amigos e coñecidos que se sumarán á expedición...



EL GALLO QUE PUSO UN HUEVO OQO. Editora

Aquela mañá, as galiñas puxeron dez ovos; pero no galiñeiro só había nove. Onde estará o ovo?

PRIMEIROS LECTORES




TIGRE E OSO NA CIDADE Ed. Kalandraka

Regresan as aventuras destes entrañables personaxes e dos seus inseparables amigos. Nesta ocasión, dirixen os seus pasos cara á cidade, onde, axudados polos diferentes habitantes, enfrontaranse ás dificultades de manexarse polas rúas.



CAPITÁN LENTECLA Ed. xerais

Dende o planeta Lentellón, Lalo e Rufino, queren dar a volta ao universo. A súa primeira parada é a Terra, onde atoparán aventuras, amigos e unha malvada mosca que está a facer das súas. Como poderán vencela?



VAIA CABUXIÑO! Ed. xerais


O Lobo Feroz é un cidadán respectable e responsable que coida do seu sobriño e rexenta unha xastraría. Iso é agora, antes o Lobo non era así. Non era feliz. Só era feroz.



CUENTOS QUE DAN MUCHO JUEGO Santillana

Nestes contos non cabe o aburrimiento. Atrévete a xogar?

LECTORES AUTÓNOMOS



ANIMALARIO DE LER A DIARIO Ed. Kalandraka

Divertidísimos poemas para rir, xogar e emocionarnos.



DOÑA PROBLEMAS Ed. Anaya

Carlota, a quen todos chaman "Dona Problemas", pois dende que tiña seis anos dedicábase a resolver todos aqueles incidentes que sofren os alumnos do seu colexio: unha mochila estropeada por un yogur derramado...



A ILLA DO TESOURO Bahía edicións

Un día de moito vento, alguén peta na porta de Jim Hawkins. É Billy Bones, un vello pirata que garda no seu cofre un gran segredo: O mapa da illa do tesouro! Para Jim e os seus amigos a aventura só acaba de comezar!



EL CLUB DE CÓMIC DE CHIKIGATO Editorial SM

O gato favorito de todo o mundo montou un club para animar os seus amigos a inventar, debuxar, crear e, sobre todo: A pasalo ben!